



**LUÍS TEIRA PARADA**, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación co **pintado dos campos de fútbol sete na Fieiteira.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O campo de céspede artificial d'A Fieiteira está sendo usado por varios clubs do noso concello tanto para adestrar nas súas categorías base como para competicións oficiais sobre todo en categorías base.

Unha das modalidades que practican os clubs é a de *Fútbol Sete* especialidade acaída para a rapazada máis pequena. Esta forma de practicar deporte esixe unhas condicións específicas: adaptacións de porterías, sobre esta cuestión xa o BNG ten presentado outras iniciativas, e delimitación do terreo de xogo coas marcas específicas no céspede.

A día de hoxe as liñas de pintura que deben delimitar o terreo de xogo non están pintadas, cuestión básica esta para poder practicar este deporte. Asemade temos constancia que dende o pasado 27 de setembro os clubs solicitaron aos técnicos municipais de deportes a necesidade de que se acometera esta mellora menor. Cuestión esta aínda non se acometeu.

A Federación Galega de Fútbol apercibeu aos clubs que no caso de que no próximo partido desta competición non estean feitas as marcas de pintura sancionará cunha multa ao clube local.

Dende o BNG cremos que unha demanda deste tipo e de tan fácil arranxo non debería ter que esperarse tanto tempo para solucionala. O concello debe pór todos os seus medios para que as instalacións municipais estean dispoñibles para os usuarios/as que as utilicen sen que teñan sobre eles o risco de ser sancionados cunha multa económica.

Ante esto o grupo municipal do BNG de Ribeira

#### **SOLICITA:**

Que o concello de Ribeira **tome as medidas oportunas para que se pinte de xeito urxente os campos de fútbol sete no campo de céspede artificial.**

Ribeira, 9 de Novembro de 2009

Asdo.: Luís Teira Parada  
Concelleiro do BNG de Ribeira

**SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA**